

Editorial.....	2
Resultados electorais.....	3
Ovidio Rodeiro, sigue como D.X. de Xuventude e Voluntariado.....	3
Gastrar terá saneamento.....	4
Proxecto para Outeiro (Lamas).....	4
Cambiar a depuradora do Forte.....	5
Loureda conectarase ao saneamento.....	5
Plan POS para Oural	6
Obras nas pistas.....	6
150.000€ para 26 pistas.....	7
Aprovéitanse os mananciais.....	7
Novo rueiro de Lestedo.....	8
Plan piloto de eficiencia enerxética.....	10
Tarxeta Metropolitana Social.....	11
Previr a dependencia.....	11
Viaxes para maiores.....	11
I Ruta de Tapas.....	12
Escola Música Moderna.....	13
I Ruta BTT Pico Sacro.....	13
Previr o acoso escolar.....	14
Cursos de Inglés.....	14
Campo de Traballo de Gastrar.....	15



Neste primeiro editorial que escribo para a revista do concello de Boqueixón, as miñas primeiras liñas deben ser de gratitude para todos os que axudaron a que poida ser o alcalde de Boqueixón. Gracias, en especial, ao apoio procedente dos meus compañeiros do Partido Popular de Boqueixón, que confiaron en min para esta nova etapa.

Gracias tamén á figura de Adolfo Gacio. Debemos recordar que sen o seu traballo ao fronte da alcaldía sería imposible recoñecer o Boqueixón de hoxe. Durante os últimos 21 anos, Adolfo Gacio esforzouse para facer de Boqueixón un dos mellores concellos do rural galego. Á vista de todos está o noso nivel de dotación infraestrutural e a calidade dos nosos servizos públicos, que xa quixeran para si outros municipios do arredor.

O meu compromiso é traballar na mesma dirección. Con responsabilidade. Con eficacia. Con humildade. Con unión.

O reto está en seguir ampliando as infraestruturas, sobre todo coa vista posta en dotar de sumidoiros a aqueles poucos núcleos que inda non o teñen, en manter en bo estado as pistas e camiños, aglomerando as que se poidan, conservar os equipamentos socio culturais e deportivos das nosas parroquias. E tamén en defender o mantemento de todos e cada un dos servizos públicos de calidade dos que disfrutamos os veciños de Boqueixón.

Todo este traballo farase coa máxima prudencia orzamentaria, como se ven facendo nos últimos anos. Con seriedade nas contas e rigor no gasto. Con austeridade, prescindindo daqueles gastos que non sexan produtivos.

Jesús Sanjuás Mera
Alcalde de Boqueixón

P.D. Aproveito estas datas para desexar a todos os veciños e veciñas do concello un bo Nadal e un próspero 2013.


Resultados electorais en Galicia e Boqueixón das eleccións autonómicas de 2012

GALICIA

Número de votos

PP : 653.934
PSOE : 293.671

2012



	%	Votos
PP	45,72	653.934
PSOE	20,53	293.671
AGE	13,99	200.101
BNG	10,16	145.389


	Dip.
PP	41
PSOE	18
AGE	9
BNG	7

BOQUEIXÓN

Número de votos

PP : 1.480
PSOE : 365

2012



	%	Votos
PP	58,98	1.480
PSOE	14,54	365
AGE	11,91	299
BNG	5,26	132
CxG	2,63	66
Otros	1,26	34
UPyD	1,15	29
Eb	1,11	28
SCD	0,31	8

Ovidio Rodeiro, confirmado no cargo de director xeral de Xuventude e Voluntariado



Ovidio Rodeiro diríxese a un grupo de mozos en presenza do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo

O Consello da Xunta de Galicia confirmou ao boqueixanés Ovidio Rodeiro como director xeral de Xuventude e Voluntariado do novo Goberno Galego, que xurdiu das eleccións autonómicas celebradas no pasado mes de outubro. Ovidio Rodeiro xa viña desempeñando este mesmo cargo dende o ano 2009.

Na decisión de renovar neste posto de responsabilidade tívose en conta a xestión realizada polo político boqueixanés nestes últimos anos, onde destaca a primeira Lei de Xuventude da historia de Galicia, a nova Lei Galega de Acción Voluntaria, a Estratexia Xuventude 2013 ou o traballo de dinamización realizado coa mocidade galega. Ovidio Rodeiro compaxinará este cargo co de Presidente do Partido Popular de Boqueixón.

GASTRAR CONTARÁ CON SANEAMENTO EN 2013



A depuradora irá nas inmediacións da área recreativa.

A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Boqueixón realizarán en 2013 o saneamento das aldeas da parroquia de Gastrar que inda non contan con este servizo. Esta actuación ten un custo de algo máis de 300.000 euros e contará cunha nova depuradora, que será instalada nas proximidades da área recreativa desta parroquia.

O saneamento dará servizo ás aldeas de Vilaboa, Xiadás, Trión, Regengo e Caslapegito. As fecais da primeira das localidades serán impulsadas mediante un pozo de bombeo cara a nova depuradora de Forte (ver nova da páxina seguinte), mentres que as augas do resto das aldeas serán tratadas na depuradora que se instalará con este proxecto.

Tubos xa colocados

Cabe destacar que parte da parroquia de Gastrar xa conta coa tubaxe necesaria para acoller o saneamento. Isto é así xa que nos proxectos de humanización das aldeas, que se levaron a cabo na pasada lexislatura, as obras de mellora deste núcleo de poboación incluían as canalización de saneamento, subministro de auga e recollida de pluviais. Grazas a esta planificación das obras públicas de Boqueixón, agora non se terá que levantar o pavimento para colocar os tubos, o que abarata o custo da infraestrutura e supón menos molestias para os veciños da zona.

O proxecto para sanear a localidade de Outeiro, en Lamas, foi aprobado polo concello

A Xunta de Goberno do concello de Boqueixón aprobou o proxecto para o saneamento do lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas. En total, dotar deste servizo a Outeiro terá un custo de algo máis de 85.000 euros e as obras poderán ser executadas tan pronto haxa dotación presupostaria.

Esta obra dará servizo ao novo local social

Ademais dos veciños desta localidade, con esta actuación tamén se lle dará servizo ao novo local social de Lamas, que está situado ao carón do campo da festa e da igrexa Parroquial. En total, está previsto que sexan instalados máis de 1.400 metros de tubaxes, con 21 pozos de rexistro e un pozo de bombeo. Este último, impulsará as fecais para o seu tratamento na depuradora de Rodiño.


O equipo de obras do concello acomete pequenas ampliacións dos saneamentos de Oural, Codeso, Pousada e Vigo

O equipo de obras do concello de Boqueixón ven de rematar as actuacións para rematar o saneamento da totalidade da aldea de Castro, na parroquia de Oural. A planificación para os vindeiros meses será a de ampliar este servizo a varias casas das localidades de Engas, en Codeso, Loureiro, en Pousada e Carabán, en Vigo.

Estas obras son realizadas con maquinaria e persoal propios do concello de Boqueixón. O seu orzamento para material é de case 40.000 euros, que se sufragan con fondos propios do municipio.

O novo equipo conta con tres liñas de tratamento dos residuos

Múltiples avarías provocan a substitución da vella depuradora de Forte



A depuradora da rede de saneamento do Forte (Boqueixón), que proximamente tamén dará servizo a unha parte da parroquia de Gastrar, tivo que ser substituída tras sufrir unha serie de avarías múltiples que deixaron esta infraestrutura inutilizada. A vella depuradora foi instalada no ano 92 e xa nos últimos tempos estaba dando moitos problemas co filtrado das fecais.

O funcionamento das tres liñas de tratamento da nova instalación, prefabricadas con

formigón armado, comeza co pretratamento, onde unha arqueta con reixa de desbaste fai unha primeira depuración física da auga residual, de forma que quedan retidos os elementos máis grosos e voluminosos, así como o exceso de graxa.

Decantación e dixestión

Despois realízase o tratamento primario, onde se produce a decantación das partículas sólidas de maior densidade, que pasan á cámara inferior do tanque, en onde se produce un segundo proceso,

que consiste na dixestión do fango por acción das bacterias anaerobias. Mentres, as partículas máis lixeiras que a auga, como graxas e aceites se separan por flotación.

A continuación vai o decantador dixestor secundario tipo Imhoff, coa finalidade de eliminar a posible carga orgánica e sólidos en suspensión que inda podería conter a auga. Esta instalación cumpre cos parámetros establecidos na Directiva do Consello de Europa sobre o Tratamento de Augas Residuais Urbanas.

As vivendas de Loureda poderán conectarse ao saneamento unha vez instalada a depuradora

A instalación da nova depuradora é o traballo que falta para rematar o proxecto do saneamento de Loureda, onde se investiron un total de 480.000 euros. Despois de máis de seis meses de obras, os veciños poderán comezar a enganchar as súas vivendas ao saneamento desta parroquia nos primeiros meses do ano.

En total foron soterrados máis de catro quilómetros de tubaxes. As aldeas que contarán con este servizo serán as de A moa, Loureda e A Pena. Unha segunda fase deste proxecto achegará o servizo de saneamento ao resto de localidades da parroquia.



A nova estrada de Rebordaos a Villalapaz, en Oural, rematarase co Plan de Obras e Servizos da Deputación



A estrada levará aglomerado.

O Plan POS 2013 da deputación da Coruña servirá para rematar a remodelación total da vella pista de Rebordaos a Villalapaz, na parroquia de Oural, cun orzamento de 158.000 €. Esta pista é moi

utilizada tanto polo veciños de Oural como polos de Bendaña e A Obra, en Touro, para achegarse ao núcleo de Camporrapado.

O pasado ano o concello de Boqueixón, con maquina-

ria, persoal e fondos propios procedeu a anchar e macizar a pista, que ata entón tiña tan só 3 metros e medio de ancho, o que dificultaba e mesmo en algún lugar impedía, o cruce de dous vehículos. O terreo para esta ampliación foi cedido gratuitamente polos veciños propietarios.

De 3 a 9 metros

Agora os 1.500 metros da pista entre estas dúas localidades conta con 9 metros de ancho, divididos entre dous carrís de circulación e unha senda peonil de metro e medio.

Tras a actuación de Plan POS, a estrada quedará pavimentada con aglomerado asfáltico, así como tamén se pintará a sinalización horizontal.

Renovouse o asfalto en sete pistas



Unha actuación valorada en 53.000 € permitiu este ano a mellora da capa de rodadura nun total de sete pistas e camiños. As actuacións consistiron, na meirante parte dos casos, na reapertura de cunetas, o arranxo

dos baches e o selado da vía cunha nova capa de rodadura asfáltica.

As pistas melloradas, que suman un total de case 3 quilómetros, foron as de Camiño de Deseiro de Arriba a Mera; Camiño de Deseiro de Arriba a Quián (Sergude); Camiño de Cusanca a Ardarís (Lestedo); Camiño de Papete a Millán-límite con Touro (Gastrar); Camiño de Loureiro a Granxola; Camiño de Santaia a Devesa e interiores en Casaldesuso (Codeso)

Mellora dos camiños forestais

As pistas dos montes que non están concentradas nas parroquias de Vigo, Loureda e Sergude foron arranxadas mediante unha nova capa de zorra. Esta actuación, que afectou a máis de 12 quilómetros de pistas, foi executada con maquinaria e persoal do concello de Boqueixón. A zorra foi doada pola empresa que explota a mina Serrabal da serra do Pico

Un total de 150.000 euros para renovar o asfalto de 26 pistas municipais

Un plan especial de obras permitirá renovar o firme de 26 pistas, cun orzamento de 150.000 euros. Esta previsto que estas actuacións comecen a executarse esta primavera. As estradas afectadas son as seguintes:

Camiño cruce Lero, Loureiro a Igrexa (Pousada)	Camiño depuradora Gastrar
Camiño interior en Pazos, límite con Vedra (Lestedo)	Camiño a Regato (Gastrar)
Camiño estrada Deputación a Codeso	Camiño A Espiñeira (Lamas) a Cruce de Lamas (Vigo)
Interiores en Quián (Sergude)	Camiño fábrica de cemento a Pumares (Sergude)
Interiores en Pazos (Lestedo)	Camiño de Ponte a Quián (Sergude)
Camiño de AVE cara Senande (Sergude)	Camiño Ardilleiro Grande a Ardilleiro Pequeno (A Granxa)
Camiño da Pena a límite con Touro (Loureda)	Camiño estrada Deputación a Orto (Boqueixón)
Camiño Igrexa Gastrar a Prevediños	Camiño Veneranda a cemiterio de Vigo
Interior en Pedrouzo (Pousada)	Camiño do establo de Ferreiro a camiño da Cruz (Vigo)
Interior en Pedrouzo II (Pousada)	Camiño da xeral a cima de Melón (Vigo)
Camiño Cruce Loureiro a Liñares (Pousada)	Camiño da estrada Deputación, Piñeiro a Lamparte (Boqueixón)
Interiores en Loureiro (Pousada)	
Interiores en Vila (Ledesma)	
Camiño do Regueiro a Monte (Ledesma)	

Os dous mananciais que se aproveitaron para o sistema de abastecemento de auga permiten ao concello pechar a captación do Ulla para aforrar



O concello de Boqueixón xa conta cos permisos do organismo Augas de Galicia e da consellería de Sanidade para aproveitar as augas dun segundo manancial que foi descuberto polas obras do tren de alta velocidade no túnel de Reboredo e destinalas ao sistema de abastecemento de auga potable.

En anteriores números


desta publicación informábase do aproveitamento dun primeiro manancial, descuberto con anterioridade nas inmediacións do túnel, que foi entubado uns 1.800 metros para trasladar a auga ata a planta potabilizadora de Orto. Agora, esta mesma tubaxe tamén servirá na súa meirande parte para levar o líquido deste segundo manancial.

800.000 litros día

Co aproveitamento destes mananciais o concello garante o subministro á rede de abastecemento duns 800.000 litros

diarios de auga de gran pureza. Esta circunstancia permite tamén abaratar os custos do servizo, xa que hai que utilizar menos produtos químicos para garantir a potabilidade da auga e o líquido discorre dende Reboredo ata Orto polo seu propio peso, polo que o consumo eléctrico tamén é menor.

Unha primeira consecuencia da utilización destes mananciais foi a autorización para o peche temporal da captación de auga do río Ulla, en Donas, que servía de reforzo para a captación principal do río Pontillón en Orto. Agora, as captacións principais son as dos mananciais, quedando como secundaria a do Río Pontillón.



N-525

F.F.C.C.

TRAVESIA DA
VILIBERDO DA
COOBRANTINA

TRAVESIA DE RAMIL

TRAVESIA DE
VISENTE

AVENIDA

DE
RAMIL

DO
VINTESEIS

RUA FRANCISCO
SINDE

RUA ANTONIO
BARRIOS

RUA

AVDA. DO
VINTESEIS

RUA AGRONOVO

RUA DANIEL SILVA

RUA BOS PARES

TRAVESIA DE
DORRILLOA

RUA MARIA LUPIA

AVENIDA
DO
VINTESEIS

RUA MANUEL
FREIRIA

RUA AGRONOVO

RUA DA FILLOA

RUA MESTRE
ROSENDO

CAPELA DE
N.S. LOURDES

PAZO DA
FEIRA

PRAZA DA
FEIRA

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

RUA DO MESTRE
MANUEL GAGIO

QUINTEIRO

RUA TUCHO

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

RUA MANUEL

LEUENTES

MANUEL

MANUEL



Concello de Boqueixón

RUEIRO de LESTEDO



O Inega financia o cambio das lámpadas de 430 farolas Boqueixón conta cun plan piloto de eficiencia enerxética que prevé aforrar 35.000 euros na factura do alumeado público



A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), está a desenvolver un proxecto piloto de iluminación pública exterior no

Concello de Boqueixón que prevé acadar aforros enerxéticos próximos ao 70% nas zonas incluídas no estudo.

A través desta actuación contribuirase ao aforro ener-

xético dos concellos, onde unha das súas partidas máis destacables é a da iluminación pública que supón, de media, case o 70% do consumo eléctrico dun municipio.

50.000 euros

A actuación comprende o cambio de máis de 430 lámpadas ubicadas en distintos lugares do municipio. No seu lugar instalanse lámpadas de última xeración que permitirán, en total, un aforro enerxético de case 204.000 kWh ao ano, o que supón un aforro económico próximo aos 35.000 euros por exercicio nas zonas afectadas.

Emitiranse 71.000 Kg. de CO₂ menos ao ano

Así mesmo, o conxunto da nova instalación suporá unha redución das emisións a atmosfera de máis de 71.000 kg de CO₂ ao ano, cifra equivalente á plantación de preto de 3.500 árbores.

O proxecto presenta unha inversión total no Concello de Boqueixón de case 50.000 euros. A actuación encádrase nun estudo experimental no que tamén participan outros dous concellos galegos –Moraña e Arnoia–, e os seus resultados servirán para estudar a implantación de novas tecnoloxías de iluminación exterior, extrapolando os resultados obtidos a outros municipios da comunidade.

A empresa Manuel Fernández seguirá ocupándose do mantemento do alumeado público

A empresa de alumeados públicos Manuel Fernández seguirá encargándose do mantemento da rede de alumeados públicos do concello de Boqueixón, segundo decisión da Mesa de Contratación do municipio, composta por funcionarios, concelleiros do goberno e os portavoces da oposición.

O contrato foi adjudicado por 4 anos con posibilidade de prórroga por dous máis. O prezo da licitación era de 51.920 euros/ano IVE incluído. O prezo de adjudicación foi de 45.254 euros/ano, IVE incluído. Foi decisivo o feito de que esta empresa ofertase tamén unhas melloras técnicas por importe de 126.384,80 euros nos 4 anos. Todas as contratacións que realiza o concello de Boqueixón pódense seguir e consultar de xeito público a través do apartado Perfil do Contratista da páxina web www.boqueixon.es

A Tarxeta Metropolitana Social permite aos usuarios abaratar nun 50% o custo do billete de autocar a Santiago



O concello de Boqueixón implantou no pasado mes de outubro a Tarxeta Metropolitana Social, que reduce á metade o custo do autocar de liña regular a Santiago. Deste

xeito, en lugar de pagar 0,78 euros por viaxe coa tarxeta normal, o usuario pagará 0,39 euros, ata un máximo de 20 viaxes ao mes.

Poderán ser beneficiarios da tarxeta social as persoas maiores de 65 anos e que non teñan unha pensión superior aos 798,77 euros ao mes. Tamén poderán conseguir esta tarxeta desconto aqueles persoas cunha discapacidade de máis

do 65% e cun nivel de ingresos igual que para os pensionistas.

Tamén para desempregados

Outro colectivo que se pode beneficiar da Tarxeta Metropolitana Social é o dos desempregados, sempre que se atopen inscritas como demandantes de emprego nos últimos 12 meses. Así mesmo, a tarxeta tamén poderá ser concedida de xeito extraordinario a persoas en situación de emerxencia social, previa valoración do departamento de servizos sociais do concello.

Un programa pioneiro axuda aos maiores a previr a dependencia

O bo funcionamento do programa pioneiro de prevención da dependencia do concello de Boqueixón fixo que a consellería de Traballo e Benestar prorrogase o seu funcionamento. Deste xeito, os martes e xoves pola tarde o centro socio-cultural de Sergude acolle a 15 participantes que, con axuda de profesionais cualificados e de voluntarios, realiza unha serie de accións para tratar de retrasar situacións de dependencia.

Trátase de maiores con certas limitacións pero con moitas ganas de participar, que realizan actividades de fomento da autoestima, exercitan a axilidade mental, ensaian situacións da vida diaria ou poñen en marcha accións de orientación espacial e temporal. Unha das características principais deste programa é a conciencia de grupo, ata o punto que se pode falar dun grupo de autoaxuda. Todos os participantes se axudan entre si e se dan forzas para seguir adiante nos seus procesos de enfermidades e dificultades.

Servizos Sociais tramita máis de 160 expedientes de viaxes para maiores

O departamento de Servizos Sociais tramitou nesta tempada máis de 160 expedientes de viaxes de carácter social para os maiores e pensionistas de Boqueixón. Os profesionais do concello realizan os trámites completos, de xeito que o único que debe facer o maior de Boqueixón é escoller o destino e pagar o prezo correspondente

Ademais, con este modelo de xestión tamén se facilita que se formen grupos para viaxar con amigos. Por exemplo, neste mes de decembro un grupo de 12 amigos viaxaron xuntos a Torremolinos. Precisamente esta cidade malagueña, xunto coa de Lloret de Mar (Tarragona) e Benidorm (Alacante) son os destinos favoritos dos maiores de Boqueixón. En canto ás estadias en balnearios para tratamentos con augas termais, os favoritos son os de Curtis, A Toxa e o Carballiño.

Un total de 12 establecementos hostaleiros ofrecen o mellor da súa cociña en miniatura da I Ruta de Tapas de Boqueixón



Máis de 4.200 tapas individuais foron despachadas na I Ruta de Tapas do concello de Boqueixón, que se celebrou en 12 centros hostaleiros aproveitando a ponte da Constitución. Neste evento déronse cita a cociña máis

moderna e innovadora coa máis tradicional. E ambas igual de ricas. Deste xeito, conviviron creacións de difícil maridaxe, coma o Roliño de Raxo con Polbo ao Queixo San Simón da Cova, con prato de marcado carácter galego coma os callos ou a croca richada

Ao final, o de menos foron os premios, pero convén reseñar que o premio do xurado á mellor tapa foi para o restaurante O Rincón de Pepe, que propuxo para esta ruta a tapa


chamada Carallo coa Tapa. Os clientes tamén tiveron premio, e sorteouse unha cea e unha noite nunha casa de turismo rural entre os seguidores da ruta.

O prezo da tapa foi de 1,5 euros, e puidéronse catar os días 6, 7, 8 e 9 de decembro nos bares e restaurantes abaixo destacados en horario de mañá, de 12 a 15 horas, ou de tarde, de 20 a 22:30 horas. O obxectivo da ruta foi o de dinamizar a través dunha acción comercial e publicitaria, a puxanza da hostalería de Boqueixón.

DOCE TAPAS NUN CONCELLO PARA COMELO

Taberna O Cruceiro (Boqueixón)

Carne de raxo
Pementos morróns
Mexillóns
Aceite
Sal



Bar Latino (Boqueixón)

Ovos
Tomate
Bacon e/ou chorizo
Patacas
Aceite
Sal



Café Bar O Rincón de Pepe (Lestedo)

Carallo Coa Tapa

Lomo de porco celta
Setas
Pementos de piquillo
recheos de queixo
Tarta de Lestedo
Froitas do bosque
Aceite
Sal



Café Bar O Nervioso (Camporrapado)

Croca Flambexada ao Ron

Croca
Allo, aceite, sal,
vinagre de Módena,
pementa negra
Ron
Patacas
Leituga



Mesón A Cañiza (Camporrapado)

Dozura de Mar e Terra

Arroz en branco
Tomate natural
Pemento verde e
vermello
Bonito
Langostinos



Taberna Eira Vella (Sergude)

Espetada de carne ao Arzúa Ulloa

Carne
Queixo Arzúa- Ulloa
Tona
Pataca
Pan do país



Casa Castro (Sergude)

Mar e Terra

Luras
Cebola
Pemento
Cogumelos
Pataca dos país
Viño branco
Perexil



Parrillada O Breixo (Sergude)

Tosta de Secreto Ibérico

Secreto ibérico
Setas de tempada
Queixo Philadelphia
Tosta de baguette
Cebola caramelizada
Aceite, Sal



Restaurante Vente Vindo (Sergude)

Roliño de Raxo con Polbo ao Queixo San Simón da Cova

Raxo
Polvo
Queixo
Condimentos



Café Bar Záramo (Sergude)

Callos

Garbanzos
Ventre
Pata de vaca
Especies



Café Bar Lenin

Mouse de Bonito e Grelos

Grelos
Bonito
Leite
Tona
Ovos
Allos, cebola,
pementa branca
Mantequilla



Taberna O Portugués (Sergude)

Croca Richada

Croca
Cebola, allo
Tomate
Aceite de oliva, sal
Viño branco
Coñac
Cenoria



Nace a primeira escola de música moderna de Boqueixón

Aprender música cun ritmo diferentes



A primeira Escola de Música Moderna de Boqueixón arrincou este ano con 20 alumnos, que se aplican en aprender os conceptos básicos do mundo da música, ao tempo que practican cun instrumento da súa elección. Neste caso, hai onde escoller, xa que a escola conta con profesores especialistas en piano, batería, guitarra, baixo ou trompeta, por poñer algúns exemplos.

O director da escola é o músico profesional Ramón Leis, que foi integrante, entre outras da orquestra París de Noia. Segundo o profesor, hai moitos alumnos que se senten atraídos pola música, pero que non lles gusta un concepto tan clásico coma o das bandas tradicionais, que é onde teñen a oportunidade de comezar. Se ben reconece Ramón Leis que para ter unha boa base hai que

comezar apoiándose na música clásica, despois a técnica do alumno se pode practicar con ritmos máis modernos, coma o jazz, o pop, o funky ou a Bossa Nova.

Conservatorio

Ademais, esta escola é unha boa oportunidade para os rapaces que queiran dedicarse ao mundo da música poidan preparar o seu acceso ao conservatorio de grao superior en música moderna que hai na cidade da Coruña.

As clases teñen lugar no centro sociocultural de Sergude os mércores e os xoves, nun total de oito horas semanais. A intención desta escola é a formación dunha Big Band, que tivo a súa posta de longo neste mes de decembro cun concerto na Casa de Cultura de Camporrapado.

O éxito da proba fixo que o concello xa prepare a edición de 2013

Máis de 400 ciclistas participaron na I Ruta BTT Pico Sacro e percorreron uns 40 quilómetros de camiños forestais



A dureza da ruta, con tramos enlameados.

Un rotundo éxito. Non se pode resumir mellor cun adxectivo cualificativo a primeira Ruta Cicoloturística en BTT Pico Sacro organizada polo departamento de Xuventude de Boqueixón. Máis de 400 participantes percorreron unha ruta circular, a través de 40 quilómetros de pistas e camiños forestais.

Non faltou unha subida ao alto do Pico Sacro nesta ruta cualificada de dificultade media e onde tamén se visitaron os lugares máis emblemáticos da natureza das parroquias da zona centro e norte do Concello de Boqueixón. Xa se prepara a edición 2013 da que será a II Ruta Cicoloturística en BTT Pico Sacro

PREVIR O ACOSO ESCOLAR É POSIBLE



Un ano máis alumnos de sexto curso da Educación Primaria Obrigatoria (EPO) do CPI Antonio Orza do Forte, participan nun programa de promoción das habilidades sociais, destinado a previr problemas de comportamentos non axeitados que poden derivar mesmo en casos de acoso escolar. Esta iniciativa parte da concellería de Educación do concello de Boqueixón.

mentación deste programa. Este tipo de comportamentos revelan que existe a necesidade de facer unha intervención preventiva que permita dotar os nenos e nenas de habilidades e formas de comunicación máis positivas e adaptativas.

Para acadar estes propósitos o adestramento en habilidades sociais é a arma máis adecuada, o que permite ó

Tras a análise das actitudes dalgúns rapaces e rapazas, que nalgunhas ocasións se caracterizan por ser agresivos e antisociais nace a funda-

alumnado coñecer e practicar habilidades sociais pasando dende as máis básicas ás máis complexas, coa finalidade última de trasladalas á vida cotiá. Sabido é, que hai quen coñece as mencionadas habilidades máis non fai uso delas, pero tamén hai quen descoñece a forma de mellorar as súas relacións interpersonais.

Afrontar as situacións de xeito positivo

En definitiva, a misión será conseguir que o alumnado empregue correctamente as estratexias ou ben que as incorpore ó seu repertorio conductual para afrontar as situacións da vida diaria dun xeito positivo.

Diferentes niveis de inglés se imparten en Boqueixón, onde se preparan aos alumnos para os exames da Universidade de Cambridge



UNIVERSITY OF
CAMBRIDGE

Un total de 129 persoas participan nos diferentes niveis dos cursos de inglés que organiza o concello de Boqueixón, e que xa forman parte da programación habitual dos departamentos de cultura e de Xuventude, sendo unha das actividades que máis éxitos obtiveron nos últimos anos.

O idioma inglés é hoxe en día a lingua "franca" utilizada en todo o mundo para comunicarse. A ninguén se lle escapa que o seu coñecemento é esencial en todos os niveis. Mesmo para a obtención dun título de grao na Universidade un dos requisitos é a acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira.

Os cursos están divididos por niveis de coñecemento. Así, o máis básico é o de Principiantes A1, que contempla unha capacidade básica para comunicarse de forma sinxela. O seguinte paso é o Key English Test A2, onde se acreditan coñecementos da lingua como para

manexar situacións da vida diaria.

**129 persoas
participan nos 4 niveis
diferentes**

Un nivel medio é o Preliminary English Test B1, que implica coñecementos suficientes para intercambiar información e instrucións no lugar de traballo ou na vida diaria. O último nivel sería o First Certificate B2, un dos títulos oficiais de inglés máis recoñecidos en todo o mundo e que acredita un nivel intermedio alto de coñecementos deste idioma.

Ovidio Rodeiro visitou como director xeral o primeiro campo de traballo internacional de Boqueixón

Voluntarios de 11 rexións e países diferentes escavaron este verán o Castro de Gastrar



O director xeral de Xuventude e a concelleira de Xuventude de Boqueixón, xunto con participantes no campo.

Un total de 20 mozos e mozas de entre 18 e 28 anos participaron na segunda quincena de xullo no campo de traballo arqueolóxico que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organizou no castro de Gastrar, en Boqueixón. Esta é a primeira vez que se desenvolve no concello de Boqueixón unha actividade destas características.

O responsable da área autonómica, Ovidio Rodeiro, visitou aos voluntarios que tomaron

parte nesta actividade internacional. En concreto, viñeron de 11 rexións e países diferentes: Turquía, Francia, Bélxica, Italia, Rusia, Venezuela, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Andalucía e Galicia.

Os participantes están escavando o Castro de Gastrar, un asentamento fortificado da Idade de Ferro no que se observa a presenza de medorras (mámoas). A intervención arqueolóxica complementarase con prácticas de limpado, siglado e debuxo arqueolóxico do conxunto.

Ovidio Rodeiro apuntou que os campos de traballo son actividades de voluntariado e de mobilidade, encamiñados a fomentar a convivencia a través da participación en diversos traballos sociais, culturais ou medio ambientais, que se levan a cabo en distintos países.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado contou este ano cun total de 260 prazas dirixidas aos mozos e mozas galegos, do resto de comunidades autónomas e de países como Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Xapón.

Das Illas de Gres a Agronovo a través do Río Ulla

Máis de 160 mozos e mozas participaron no primeiro descenso do Ulla en piraguas, que tivo lugar neste pasado verán. O percorrido levou aos deportistas a coñecer parte do curso medio do Ulla, xa que o percorrido foi de aproximadamente 12 quilómetros, entre as Illas de Gres, en Ponteledesma, ata a área recreativa de Agronovo, na parroquia de Santa Cruz de Rivadulla.

Esta iniciativa foi organizada polos departamentos de

xuventude dos concellos de Vedra e Boqueixón e as previsións de asistencia superaron todas as expectativas. Deste xeito, a afluencia de participantes obrigou aos organizadores a improvisar sobre a marcha un segundo turno de descenso, xa que no primeiro non había piraguas suficientes para todos. Como no caso da Ruta BTT, xa se traballa para poder organizar



O río énchese de palistas

unha segunda edición deste emocionante descenso.